

4. X. M. ÁLVAREZ BLÁZQUEZ - POEMAS DE TI E DE MIN I



Xosé María Álvarez Blázquez, xunto co seu irmán Emilio, publica en 1949 o poemario *Poemas de ti e de min*.

O hiloísmo, o imaxinismo e o animismo son fundamentais nestas composicións, ademais da liña neotrobadoresca.

Un exemplo de hiloísmo atópase no poema "Limiar":

Levo na fronte
o arume balsamado do teu bafo.

E como exemplo de animismo e neotrobadorismo podemos ler o poema "Amiga", onde di:

Ai, meu amigo,
anda o vento rifando conmigo.
Ai, miña amada,
non é o vento, que eu son quén che fala.

Segundo o seu fillo, Xosé María Álvarez Cáccamo, *Poemas de ti e de min* inspira a imaxe dun poeta nos seus días máis esperanzados, cun longo e xeneroso tempo por diante.

Así, a composición lírica dos poemas amosa a dualidade de vivencias, ben optimistas, ben pesimistas; sirva como exemplo das primeiras o poema "Ti" e, como mostra das segundas, "Desterro", onde se ve a angustia e o desacougo que provoca esta situación.

Desterro

Qué lonxe vivo,
ai, madre!
qué lonxe estou.
Unha anduriña,
madre,
que non tornou.

¿Virán os tempos,
madre?
¿Virá San Xohan?
Eu xa cavilo,
ai, madre!
que non virán.

Mais se viñeren,
madre,
iréi d-aquela
matar a sede,
ai, madre!
da nosa arela.

Iréi d-aquela
madre,
como anduriña
que en vello niño,
ai, madre!
tardeiro aniña.

Ai, madriña!

Ti

Chamas ao vento
na labarada dos teus cabelos.

Auga apreixada
na mol lentura da tua ollada.

Rubias de aurora
no sangue quente da tua boca.

Pombas no niño
no recunchego do teu corpiño.

Rulas levians
no vô lizgairo das tuas mans.



Os dezanove poemas que compoñen este libro pódense dividir en tres partes, como aparece no libro *Xosé M.ª Álvarez Blázquez. Poesía galega completa*. A primeira constaría de sete poemas, a segunda de tres e a terceira de nove.

Na primeira parte, aparecen os poemas: "Limiar", "Amiga", "Ti" (presente no cartel), "Amigo", "Gando", "Desterro" e "Filla", onde se atopan temáticas de relación humana.

Na segunda parte, atopamos: "Foguetes", "Romance da chuvia" (presente no segundo cartel relativo a *Poemas de ti e de min*) e "Romance do afiadador", cunha temática máis costumista.

Na terceira están: "Notas", "Muiñeira", "Ribas do Sil", "O merlo poeta", "Pranto", "O río", "Arela", "Ceo de vran" e "Panida", onde se aprecia a relación coa natureza.

Neste libro conxúganse poemas longos, algúns deles exceden os 35 versos, con outros máis breves.

